



Vantaxes do uso de silo de centeo híbrido na alimentación de ruminantes

Nun contexto no que a eficiencia na produción de forraxes e a calidade da alimentación animal son cada vez máis determinantes para a rendibilidade dos sistemas gandeiros, o centeo híbrido (*Secale cereale* L.) posiciónase como unha alternativa forraxeira de alto valor estratéxico para produtores de leite e carne. A este cultivo dedicamos as seguintes liñas.

Diego Martín Rodríguez Schauricht
KWS

O uso do centeo híbrido como cultivo de inverno e o seu aproveitamento coma silo de planta enteira ofrecen unha serie de vantaxes agronómicas, nutricionais e loxísticas que o diferencian doutros cultivos forraxeiros tradicionais, como o trigo, o raigrás ou mesmo a cebada, que enumeramos a continuación.

POTENCIAL DE RENDEMENTO SUPERIOR

O centeo híbrido, desenvolvido por programas de mellora de KWS, presenta un alto rendemento en materia verde, acadando entre 35 e 50 toneladas por hectárea, cun

contido de materia seca (MS) do 30-40 %. A espiga representa aproximadamente o 50-55 % do rendemento total, o que resalta a achega enerxética do cultivo ao ensilado final. Esta eficiencia atribúese a unha maior cantidade de grans por espiga e a unha arquitectura de planta optimizada para a produción de biomasa.

CALIDADE NUTRICIONAL AXEITADA PARA RUMINANTES

Cando se recolle no momento óptimo (xusto antes ou ao inicio do espigado), o centeo híbrido permite obter unha forraxe con bos parámetros de fibra ácido deterxente

(FAD) e fibra neutro-deterxente (FND), un contido de proteína entre o 12 e o 16 % e un equilibrio ideal entre dixestibilidade e estrutura fibrosa. Isto convérteo nun ingrediente axeitado tanto para vacas leiteiras coma para animais en terminación. Ademais, a súa resistencia xenética a enfermidades foliares minimiza a presenza de micotoxinas, o que garante un silo máis san e seguro.

FLEXIBILIDADE NA COLLEITA E BAIXA ESIXENCIA SANITARIA

As variedades híbridas teñen un espigado máis lento ca o centeo convencional, o que prolonga a xanela de colleita entre 4 e 6 días,



► A SÚA RESISTENCIA XENÉTICA A DOENZAS FOLIARES MINIMIZA A PRESENZA DE MICOTOXINAS, O QUE GARANTE UN SILO MÁIS SAN E SEGURO



Táboa de sementeiros

	Data de sementeira	Dose de sementeira para centeo híbrido					
		25 set.	5 out.	15 out.	25 out.	5 nov.	15 nov.
Destino sementeira	Unidades (sacos) / Ha	1,8	2	2	2,1	2,3	2,7
	Sementes / m ²	135	150	150	160	180	200
Destino forrage	Unidades (sacos) / Ha	2	2,3	2,3	2,5	2,7	3
	Sementes / m ²	150	175	175	190	200	225

ofrecéndolle ao produtor maior flexibilidade operativa para lograr a mellor calidade posible da forraxe.

A nivel sanitario, o centeo híbrido destaca polo seu excelente comportamento fronte a fungos foliares, o cal reduce a necesidade de tratamentos fitosanitarios e diminúe os riscos de contaminación no silo.

ADAPTABILIDADE EDÁFICA, CLIMÁTICA E MANEXO SINXELO

Posúe alta tolerancia a solos pobres e lixeiros, cun bo comportamento en terreos areentos, ácidos ou de baixa fertilidade, onde outros cereais de inverno reducen de xeito significativo o seu rendemento.

Así mesmo, ofrece estabilidade produtiva en ambientes marxinais, cunha notable capacidade de adaptación fronte á variabilidade climática ou edáfica e consegue manter un bo potencial mesmo en campañas adversas.

COMPARACIÓN CON OUTROS CULTIVOS FORRAXEIRO

Se se compara coa cebada, o centeo híbrido mostra un rendemento en MS similar, aínda que cunha menor concentración de amidón e maior proporción de fibra (FND).

En ensaios con xatos en crecemento, observouse que dietas con inclusión crecente de silo de centeo híbrido poden reducir o consumo de materia seca e a ganancia diaria en comparación

con dietas baseadas exclusivamente en silo de cebada. Porén, tamén diminuíron a incidencia de abscesos hepáticos, un aspecto favorable en termos de benestar animal e calidade do canal.

CONCLUSIÓN

O silo de centeo híbrido preséntase coma unha ferramenta forraxeira de alto rendemento, adaptabilidade e sanidade, ideal para complementar ou substituír outras forraxes de inverno. ►►


RAYADO Y PICADO de pasillos de establos

Marcos Villamide:
626 096 129



Marcos Villamide Construcciones S.L.U | Álvaro, s/n 27248 A Pastoriza (Lugo)

▶ CANDO O COMPARAMOS COA CEBADA, O CENTEO HÍBRIDO AMOSA UN RENDEMENTO EN MS SIMILAR, AÍNDA QUE CON MENOR CONCENTRACIÓN DE AMIDÓN E MAIOR PROPORCIÓN DE FIBRA



A súa achega nutricional equilibrada, a súa seguridade sanitaria e a súa vantaxe loxística en termos de datas de colleita e produción de biomasa con-

vérteno nunha opción moi competitiva para sistemas gandeiros modernos.

Para maximizar os seus beneficios, é clave traballar con material xenéti-

co de calidade e contar cun asesoramento técnico especializado que asegure o axuste do cultivo ás condicións agroclimáticas de cada zona. ■

Especie	Data de corte	Materia seca (%)	pH	Proteína bruta (% MS)	Fibra bruta (% MS)	Unidades forraxeiras leite (UFL) (UFL/kg MS)	Unidades forraxeiras carne (UFC) (UFC/kg MS)
Centeo híbrido	27 abril	25,1	4,84	9,49	37,0	0,57	0,46
Cebada	27 abril	31,1	5,33	9,73	27,8	0,67	0,57
Triticale	27 abril	22,8	4,78	8,75	36,5	0,55	0,43
Avea	27 abril	19,2	5,04	8,81	30,0	0,73	0,64

USO DO CENTEO PARA FORRAXE

O uso do centeo híbrido para forraxe é unha alternativa para complementar e diversificar a rotación de forraxes, o cal nos facilitará o cumprimento da nova PAC. Trátase dunha especie rústica, ben acondicionada ao frío e á seca, que se adapta a todo tipo de solos, mesmo ácidos, onde outras especies non prosperan.


En canto ao manexo, non require unha preparación do solo diferente á doutros cereais e responde moi ben á sementeira directa e ás técnicas de mínimo laboreo. Recoméndase unha sementeira temperá para acadar un maior potencial produtivo. Convén tamén aumentar a dose de sementeira en arredor do 20 %, sobre todo en sementeiras serodías, respecto ao centeo híbrido destinado a gran.

Claves de uso

- O centeo híbrido produce máis forraxe ca o tradicional, cun nivel de proteína moi aceptable.
- Este cultivo contén un contido en proteína superior a outros coma o raigrás, aínda que cunha lixeira menor dixestibilidade.
- O nivel de proteína, a dixestibilidade e a produción de MS están relacionados co momento da colleita.

Centeo híbrido coma forraxe

Porcentaxe en comparación co raigrás



- kg/ha: produción en quilogramos por hectárea
- % CP: contido de proteína
- % DM: dixestibilidade

Variedades Brasetto e Magnifico fronte ao raigrás, ensaio Mabebondo 2025

As segas temperás conteñen máis proteína e dixestibilidade ca as tardías, mentres que estas últimas producen máis MS.

- O momento óptimo de sega é clave para ter un nivel alto de proteína, o momento óptimo é ao inicio do espigado.



INDUSAGRI

Selección Natural



Polígono Industrial Matela I
Parcela 17, 27150 Otero De Rey, Lugo.
TLF: 982 209 681 | FAX: 982 207 204

www.indusagri.es
indusagri@indusagri.es